

SUPOSTO 1. TRABALLADOR CON RETRIBUCIÓN MENSUAL

Ángel López García, nado o 14/01/1998, grupo profesional 4, con función de oficial administrativo, grupo 5 de cotización á SS, inicia a súa actividade laboral na empresa «X, S.A.», o 01/01/2021, con contrato ordinario por tempo indefinido (clave 100). As retribucións que percibe en marzo de 2026, segundo convenio, son: Salario base (750,50 €), Plus convenio (325 €), Plus dispoñibilidade (98 €), Plus transporte urbano (106,10 €). Tamén ten dereito a 2 pagas extraordinarias anuais de salario base, plus convenio e plus dispoñibilidade, cada unha delas. Aplícase a ocupación «a» do cadro II da tarifa de primas vixente, para a cotización por accidente de traballo e enfermidade profesional. Se lle aplica un tipo de retención segundo situación personal dun 4,44% . Confeccionar o recibo de salarios de marzo de 2026.

SOLUCIÓN:

1. Bases de cotización á Seguridade Social

A) Base de cotización por continxencias comúns

a) Retribucións computables:

- Salario base: 750,50 €
- Plus convenio: 325,00 €
- Plus dispoñibilidade: 98,00 €
- Plus transporte urbano: 106,10 €
- **Total:** 1.279,60 €

b) Parte proporcional de pagas extraordinarias: $[2 (750,50 + 325 + 98)] / 12 = 195,58 \text{ €}$

A continuación, súmase a) + b) = base de cotización inicial: $1279,60 + 195,58 = 1.475,18\text{€}$

c) Comprobación de bases. Pola súa categoría profesional é un traballador do grupo 5 cuxas bases mínima e máxima son, respectivamente, 1.424,40€ e 5.101,2€. Por tanto, ao estar 1.475,18 € comprendido entre ditas bases, a base de cotización por continxencias comúns ascende a 1475,18 €/mes.

B) Base de cotización por continxencias profesionais.

Ao non existir no mes horas extraordinarias a BCcp é igual á anterior (BCcc). Comprobación de topes de cotización: 1475,18 € está comprendido entre o tope mínimo (1.424,40 €) e o tope máximo (5.101,2 €) en 2026 para todas as categorías profesionais. Por tanto, a base de cotización por continxencias profesionais é 1475,18 €/mes.

C) Base de cotización para desemprego, FOGASA e formación profesional

É a mesma que a base de cotización por continxencias profesionais: 1475,18 €/mes.

2. Cotas a pagar polo empresario e o traballador á Seguridade Social

A) Por continxencias comúns

- A cargo da empresa, o 23,60% de 1475,18 = 348,14 €
- A cargo do traballador, o 4,70% de 1475,18 = 69,33 €

B) Por Mecanismo de Equidade Interxeracional (MEI)

- A cargo da empresa, o 0,75% de 1475,18 = 11,06 €.
- A cargo do traballador, o 0,15% de 1475,18 = 2,21 €.

C) Por continxencias profesionais (AT e EP).

Aplicase a ocupación «a» do cadro II da tarifa de primas vixente. Ambas cotas son a cargo exclusivo da empresa.

- Cota por IT (Invalidez Temporal), o 0,8% de 1475,18 = 11,80 €
- Cota por IMS (Invalidez, Morte e Supervivencia), o 0,7% de 1475,18 = 10,33 €

D) Por desemprego

- A cargo da empresa, o 5,50% da BCcp 1475,18 = 81,13 €
- A cargo do traballador, o 1,55% da BCcp 1475,18 = 22,87 €

E) Por FOGASA.

A cargo da empresa, o 0,20% da BCCP 1475,18= 2,95 €.

F) Por formación profesional

- A cargo da empresa, o 0,60% da BCCP 1475,18 = 8,85 €
- A cargo do traballador, o 0,10% da BCCP 1475,18 = 1,48 €.

D) Importe da retención por IRPF

Total devengado en marzo suxeito a retención: 1.279,60 x 4,44% (tipo de retención aplicable) = 56,81 €

SUPOSTO 2. ALTA NO MES

Don Marcial Landel Ruiz, nado o 28/08/1993, pertencente ao grupo profesional 3 con función de axudante de taller (GC 4), inicia a súa actividade laboral na empresa «X», con contrato ordinario por tempo indefinido a tempo completo (clave 100), o 05/04/2026. As retribucións pactadas no contrato de traballo son as seguintes: Salario base (700 €/mes) e Complemento persoal (550 €/mes).

Percibe 2 pagas extraordinarias en xuño e decembro e unha paga de beneficios no mes de setembro equivalentes, cada unha delas, ao salario base.

Como a retribución total anual do traballador é inferior ao límite cuantitativo excluínte da obriga de reter que lle corresponde por estar casado, cuxo cónxuxe ten rendas superiores a 1.500 €/ano e sen fillos non procede efectuarlle retención sobre os seus rendementos de traballo, xa que se lle formalizou por tempo indefinido.

A efectos de cotización empresarial por continxencias profesionais, a empresa ten asignado o código CNAE 29 do cadro I da tarifa de primas vixente.

Calcular bases de cotización á SS, cotas a pagar por empresario e traballador. Confeccionar recibo de salarios de abril de 2026.

SOLUCIÓN:

1. Bases de cotización á Seguridade Social

A) Base de cotización por continxencias comúns

a) Retribucións computables. Como este traballador só estivo 26 días desempeñando a súa actividade laboral no mes de abril, a base de cotización estará integrada unicamente polas retribucións correspondentes a tales días. Por tanto:

Salario base $[(700 : 30) \times 26 \text{ días}]$: 606,67 €

Complemento persoal $[(550 : 30) \times 26 \text{ días}]$: 476,67 €

Total: 1.083,33 €

b) Parte proporcional de pagas extraordinarias e demais percepcións de vencemento superior ao mensual. $(3 \times 700) / 12 = (175 / 30) \times 26 = 151,67 \text{ €}$.

A continuación, súmase a) máis b): $1.083,33 + 151,67 = 1.235 \text{ €}$.

c) Comprobación das bases. Ao tratarse dun traballador que pertence ao grupo 4 de cotización, as súas bases mínima e máxima son, respectivamente, 1.424,40 e 5.101,20. Pero, neste caso, como só traballou 26 días, as bases son as seguintes:

Base mínima $[(1.424,4 : 30) \times 26]$: 1.234,48 €

Base máxima $[(5.101,20 : 30) \times 26]$: 4.421,04 €

Como os 1.235 € se encontran comprendidos entre ambas as bases, a base de cotización por continxencias comúns ascende á contía de **1.235 €/mes**.

B) Base de cotización por continxencias profesionais. Igual que para continxencias comúns ao non haber horas extraordinarias, e non afectar os topes máximos e mínimos de cotización, que coinciden coas bases máxima e mínima.

C) Base de cotización para desemprego, FOGASA e formación profesional. É a mesma que a base de cotización por continxencias profesionais: **1.235 €/mes**.

2. Cotas a pagar polo empresario e o traballador

A) Por continxencias comúns

- A cargo do empresario, o 23,60% de 1.235 = 291,46 €.
- A cargo do traballador, o 4,70% de 1.235 = 58,04 €.

B) Por Mecanismo de Equidade Interxeracional

- A cargo do empresario, o 0,75% de 1.235 = 9,26 €
- A cargo do traballador, o 0,15% de 1.235 = 1,85 €

C) Por continxencias profesionais. Cotiza exclusivamente o empresario, aplicándose neste caso o código CNAE 29.

- Cota por IT, o 1,60% de 1.235 = 19,76 €.
- Cota por IMS, o 1,20% de 1.235 = 14,82 €.

D) Por desemprego

- A cargo da empresa, o 5,50% de 1.235 = 67,92 €.
- A cargo do traballador, o 1,55% de 1.235 = 19,14 €.

E) Por FOGASA. A cargo do empresario, o 0,20% de 1.235 = 2,47 €.

F) Por formación profesional

- A cargo da empresa, o 0,60% de 1.235 = 7,41 €.
- A cargo do traballador, o 0,10% de 1.235 = 1,23 €.

SUPOSTO 3. FOLGA

Don David Fuentes López, nado o 29/10/1985, pertencente ao grupo profesional 1 con función de informático, grupo de cotización 1, é contratado pola empresa «X, S.A.» o 01/01/2016 mediante un contrato ordinario por tempo indefinido (clave 100). As retribucións que percibe, pactadas en convenio colectivo, son as seguintes:

- **Salario base:** 1.400 €/mes
- **Antigüidade:** 200 €/mes
- **Plus de actividade:** 80 €/mes

Ten dereito a 3 pagas extraordinarias en marzo, xullo e decembro de SB + antigüidade. O 01/06/2026 (luns) adhírese a unha folga legal que afecta ao seu centro de traballo, a cal perdurou ata o 7 do mesmo mes (domingo). A xornada de traballo na empresa é de luns a venres, sendo o descanso semanal o sábado e o domingo.

A empresa suprime o abono do salario correspondente aos días de folga e, ademais, presenta relación nominal dos traballadores folguistas ante a TGSS a fin de que quede suspendida a obriga de cotizar por tales días. O 8 de xuño vólveselles dar de alta na Seguridade Social coa conseguinte reanudación da cotización.

A efectos de cotización empresarial por continxencias profesionais, a empresa ten asignado o código CNAE 62 do cadro I da tarifa de primas vixente.

A súa situación persoal é a de solteiro e sen fillos. Se lle aplica un tipo de retención do 13,07%.

Calcular bases de cotización á SS, cotas de empresario e traballador e retención a conta do IRPF. Confeccionar recibo de salarios correspondente ao mes de xuño de 2026.

SOLUCIÓN:

1. Bases de cotización á Seguridade Social

A) Base de cotización por continxencias comúns

a) Retribucións computables: Só integra a base de cotización a retribución correspondente aos 23 días traballados, descontándose os días de folga. Ao ser a xornada semanal de 5 días laborais e 2 días de descanso semanal, de tal forma que xa se inclúe no desconto o importe correspondente ao descanso semanal, tendo en conta que a folga durou 7 días neste caso. (Durante a situación de folga o traballador permanece en alta especial na Seguridade Social, suspendéndose a obriga de cotizar por parte do empresario e do traballador. Art. 144.5 LGSS e art. 166.7 LGSS).

Salario base [(1.400 : 30) x 23]: 1.073,33 €

Antigüidade [(200 : 30) x 23]: 153,33 €

Plus de actividade $[(80 : 30) \times 23]$: 61,33 €

Total: 1.288 €

**A ausencia ao traballo durante 7 días tamén repercutirá na cantidade que cobre no seu momento de pagas extras, dado que devengará 7 días menos en cada unha das pagas extras: Contía dunha paga extra: $1400 + 200 = 1600 \times (7/360) = 31,11$ € descontarase en cada paga extra, é dicir cobrará $1600 - 31,11 = 1568,89$ €.*

b) Parte proporcional de pagas extraordinarias: $[3 \times (1.400 + 200)] : 12 = (400 : 30) \times 23 = 306,67$ €.

Súmase a) + b) e iso dámos a base de cotización inicial: $1.288 + 306,67 = 1594,67$ €.

c) Comprobación das bases: Como a cotización do mes de xuño corresponde a 23 días, temos que achar as bases mínima e máxima do traballador en función dos 23 días.

Base máxima $[(5.101,2 : 30) \times 23]$: 3.910,92 €

Base mínima $[(1.989,3 : 30) \times 23]$: 1.525,13 €

Os 1.594,67 € están comprendidos entre as bases calculadas anteriormente; por tanto, a base de cotización por continxencias comúns ascende á contía de **1.594,67 €/mes**.

B) Base de cotización por continxencias profesionais: Ao non existir horas extraordinarias e non influír os topes máximo (igual que para BCcc) e mínimo $[(1.424,4 : 30) \times 23 = 1.092,04$ €], a BCcp é a mesma que a BCcc, é dicir, **1.594,67 €/mes**.

C) Base de cotización para desemprego, FOGASA e formación profesional: É a mesma que a de continxencias profesionais, é dicir, **1.594,67 €/mes**.

2. Cotas a pagar polo empresario e o traballador

A) Por continxencias comúns

- A cargo da empresa, o 23,60% → $1594,67 \times 23,60\% = 376,34$ €.
- A cargo do traballador, o 4,70% → $1594,67 \times 4,70\% = 74,95$ €.

B) Por Mecanismo de Equidade Interxeracional

- A cargo da empresa, o 0,75% → $1594,67 \times 0,75\% = 11,96$ €.
- A cargo do traballador, o 0,15% → $1594,67 \times 0,15\% = 2,39$ €.

C) Por continxencias profesionais: A cargo exclusivo do empresario (código CNAE 62).

- Cota por IT → $1594,67 \times 0,80\% = 12,76$ €.
- Cota por IMS → $1594,67 \times 0,70\% = 11,16$ €.

D) Por desemprego

- A cargo do empresario, o 5,50 % → $1594,67 \times 5,50 \% = 87,71 \text{ €}$.

- A cargo do traballador, o 1,55 % → $1594,67 \times 1,55 \% = 24,72 \text{ €}$.

E) Por FOGASA: A cargo do empresario, o 0,20% → $1594,67 \times 0,20\% = 3,19 \text{ €}$.

F) Por formación profesional

- A cargo do empresario, o 0,60 % → $1594,67 \times 0,60 \% = 9,57 \text{ €}$.

- A cargo do traballador, o 0,10 % → $1594,67 \times 0,10 \% = 1,59 \text{ €}$.

3. Retención por IRPF

A base de retención coincide co total devengado: $1.288 \times 13,05\% = 168,08\text{€}$

SUPOSTO 4. EXTINCIÓN POR DESPIDO DISCIPLINARIO DECLARADO IMPROCENTE (FINIQUITO)

Don Álvaro Montes Sánchez, de 40 anos, é contratado na empresa «X, S.A.» mediante contrato ordinario indefinido (clave 100) o 20/11/2025. Pertence ao grupo profesional 2 e ten a función de auxiliar administrativo (grupo de cotización 5). Ao finalizar a xornada do 14/10/2026, cesa na súa actividade laboral por despido, declarado improcedente en sentenza xudicial. As retribucións pactadas en convenio colectivo son:

- Salario base: 821,21 €/mes
- Incentivos á produción: 480,81 €/mes
- Gastos por manutención: 150,25 €/mes*
- Plus convenio: 210,35 €/mes

** A cantidade por dietas corresponde a 10 días traballados neste mes.*

Ademais, ten dereito a 3 pagas extraordinarias en marzo, agosto e decembro equivalentes, cada unha, ao salario base. O devengo das pagas extraordinarias é anual, sendo a súa data, respectivamente, o 7 de marzo, o 8 de agosto e o 21 de decembro. Na data do cese gozara das vacacións correspondentes ao ano en curso. A efectos de cotización empresarial por continxencias profesionais, a empresa ten asignado o código CNAE 17 do cadro I da tarifa de primas vixente. A súa situación persoal é a de casado, cuxo cónxuxe non percibe rendas de ningún tipo, e con dous fillos de catro e cinco anos. O tipo de retención aplicable é do 2,89% Calcular a liquidación, as bases de cotización á Seguridade Social, as cotas a pagar polo empresario e o traballador e a retención do IRPF. Confeccionar o recibo de salarios correspondente ao mes de outubro de 2026.

SOLUCIÓN:

1. Importe da liquidación

A) Retribución correspondente ao mes de outubro (14 días)

- Salario base: 821,21 €/mes
- Incentivos á produción: 480,81 €/mes
- Plus convenio: 210,35 €/mes
- **Total:** 1.512,37 €/mes / 30 x 14 días = **705,77 €**
- Dietas de viaxe: + **150,25 €**
- **Total:** **856,02 €**

B) Parte proporcional de pagas extraordinarias

- **Paga de marzo de 2026:** do 8 de marzo ao 14 de outubro de 2026 = 221 días → $(821,21 \times 221 \text{ días}) / 365 = 497,22 \text{ €}$.
- **Paga de agosto de 2026:** do 9 de agosto ao 14 de outubro de 2024 = 67 días → $(821,21 \times 67 \text{ días}) / 365 = 154,99 \text{ €}$.
- **Paga de decembro de 2025:** do 22/12/2025 a 14/10/2026 = 297 días → $(821,21 \times 297 \text{ días}) : 365 = 668,22 \text{ €}$. *

* *As pagas extraordinarias devénganse por días naturais. Deste xeito, se no ano anterior o salario base do traballador fose diferente, o cálculo teríase feito co salario de cada período polos días naturais en que dito salario se devengou. Supoñamos que no ano anterior, o salario base do traballador era de 800 €. O cálculo da liquidación desta paga extra sería o seguinte:*

- *Paga de decembro de 2025:*
 - *do 22/12 a 31/12 = 10 días → $(800 \times 10 \text{ días}) / 365 = 21,92 \text{ €}$*
 - *do 01/01 a 14/10 = 288 días → $(821,21 \times 288) / 365 = 647,97 \text{ €}$*
 - *Total = $21,92 + 647,97 = 669,89 \text{ €}$*

C) Vacacións. O traballador xa gozou vacacións este ano e por período completo, que, en principio non lle corresponde por non ter traballado todo o ano. Podería pensarse que o empresario ten dereito a descontarlle o importe dos días indebidamente gozados, pero a xurisprudencia non o admite se a causa do fin do contrato non é imputable á vontade do traballador. Resultaría bastante gravoso para o traballador o feito de ser despedido e ademais descontarlle da liquidación días de vacacións, polo que non se lle desconta nada nestes casos, máxime tendo en conta que posteriormente o xulgado vai determinar a improcedencia do despido.

D) Indemnización por extinción do contrato por despido improcedente* A indemnización por despido improcedente de contratos formalizados con posterioridade ao 12/02/2012 calcúlase a razón de 33 días de salario por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores ao ano, con máximo de 24 mensualidades. **Téñase en conta que na nómina de outubro – finiquito – non incluimos a indemnización xa que é necesario esperar á notificación da sentenza xudicial para saber se foi declarado o despido procedente ou improcedente.*

- **Antigüidade:** do 20/11/2024 a 14/10/2026: 10 meses e 25 días → **11 meses.**
- **Días que corresponden de indemnización:** de 20/11/2024 a 14/10/2026:
 - $33 \text{ días/ano} \times (11/12) = 30,25 \text{ días}$. Non se supera o tope máximo de 720 días.
- **Retribución salarial computable na indemnización:**

- 1.512,37 €/mes (excluídas dietas) x 12 meses = 18.148,44 €.
- Tres pagas extraordinarias de 821,21 € cada unha: $(821,21 \times 3) = 2.463,63$ €
- Total: $18.148,44 + 2.463,63 = 20.612,07$ €
- Salario diario = $20.612,07 / 365 = 56,47$ €/ día
- **Indemnización:** $56,47$ €/día x 30,25 días = **1.708,22 €**

2. Bases de cotización á Seguridade Social

A) Base de cotización por continxencias comúns

a) Retribucións computables:

Salario base: 821,21 €/mes

Incentivos: 480,81 €/mes

Plus convenio: 210,35 €/mes

Total: $1.512,37$ €/mes / 30 días x 14 días = **705,77 €**

Nota: Non se cotiza por dietas de viaxe, xa que o importe diario 15,02 € ($150,25 / 10$ días traballados) no alcanza o límite excluído de cotización.

b) Prorrata de pagas extraordinarias: $(3 \times 821,21) : 12 = 205,30$: 30 días x 14 días = **95,81 €**

Súmanse a) + b) e dános a base de cotización inicial: $705,77 + 95,81 = 801,58$ €.

c) Comprobación de bases: Como 801,58 € están comprendidos entre base máxima ($5.101,20 / 30 \times 14$ días = 2.380,56 €) e base mínima ($1.424,40 / 30 \times 14$ días = 664,72 €) do grupo 5 de cotización ao que pertence o traballador, a base de cotización por continxencias comúns ascende a **801,58 €**.

B) Base de cotización por continxencias profesionais. Ao non existir horas extraordinarias e non afectar os topes máximo e mínimo vixentes, a base de cotización por continxencias profesionais é a mesma que a de continxencias comúns: **801,58 €**.

C) Base de cotización para desemprego, FOGASA e formación profesional. É a mesma que a de continxencias profesionais, é dicir: **801,58 €**.

3. Cotas a pagar polo empresario e o traballador

A) Por continxencias comúns

- A cargo do empresario, o 23,60% → $801,58 \times 23,60\% = 189,17$ €.

- A cargo do traballador, o 4,70% → $801,58 \times 4,70\% = 37,67 \text{ €}$.

B) Por Mecanismo de Equidade Interxeracional

- A cargo do empresario, o 0,75% → $801,58 \times 0,75\% = 6,01 \text{ €}$.
- A cargo do traballador, o 0,15% → $801,58 \times 0,15\% = 1,20 \text{ €}$.

C) Por continxencias profesionais. A cargo do empresario, código CNAE 17.

- Cota por IT, o 1% → $801,58 \times 1\% = 8,02 \text{ €}$.
- Cota por IMS, o 1,05% → $801,58 \times 1,05\% = 8,42 \text{ €}$.

D) Por desemprego

- A cargo do empresario, o 5,50% → $801,58 \times 5,50\% = 44,09 \text{ €}$.
- A cargo do traballador, o 1,55% → $801,58 \times 1,55\% = 12,42 \text{ €}$.

E) Por FOGASA. A cargo do empresario o 0,20% → $801,58 \times 0,20\% = 1,60 \text{ €}$.

F) Por formación profesional

- A cargo do empresario, o 0,60% → $801,58 \times 0,60\% = 4,81 \text{ €}$.
- A cargo do traballador, o 0,10% → $801,58 \times 0,10\% = 0,80 \text{ €}$.

4. Retención a conta do IRPF

A base de retención se corresponde co **total devengado**, excluídas dietas de viaxe e indemnización por despedimento calificado como improcedente: $2.026,2 \times 2,89\% = 58,56\text{€}$